

**ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA INCLUÍDA NO POS ADICIONAL 2015**

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas do día dezasete de outubro de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA**.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Con data 15 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirimento de documentación, como paso previo, para adxudicar a obra de saneamento en Lamas-Costoia (Biduído), incluída no POS Adicional 2015.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores que tomaron parte no procedemento aberto con varios criterios de adxudicación.

Con data 7 de outubro de 2016 a empresa clasificada en primeiro lugar, Martínez Montes e Hijos SL, presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 10089) a documentación requirida.

A mesa de contratación analiza a documentación presentada por Martínez Montes e Hijos SL, dándolle o visto bo á documentación aportada polo licitador clasificado en primeiro lugar.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

**ACORDA:**

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de **"SANEAMENTO EN LAMAS-COSTOIA"** á empresa Martínez Montes e Hijos SL, con CIF B-15025372, no prezo de 41.500.- euros, máis o I.V.E repercutible ó 21% que ascende á cantidade de 8.715.- euros, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

